



R volve patrocinar *Pont-Up Store* e leva ao foro do emprendemento galego os seus obradoiros tecnolóxicos para nenas e nenos

- ***R é patrocinador, un ano máis, do foro do emprendemento pontevedrés Pont-Up-Store, ao que volve o sábado 24 co seu programa crea R, obradoiros didácticos sobre tecnoloxía para nenos e nenas.***
- ***O operador galego pretende seguir fomentando a innovación e despertando o talento dos/das máis pequenos/as con actividades lúdicas como os obradoiros tecnolóxicos crea R, polos que xa pasaron máis de 3.300 mozos e mozas.***
- ***Por sexto ano consecutivo, R revalida tamén a súa aposta polas iniciativas creativas e innovadoras en Pont-Up Store, o evento referente da cultura emprendedora en Galicia e no noroeste peninsular***

Xoves, 22 de setembro de 2022.- R regresa, un ano máis, a *Pont-Up Store* en Pontevedra, o foro do novo emprendemento de referencia en Galicia e no noroeste da Península Ibérica, que se desenvolve na cidade galega mañá venres 23 e o sábado 24 de setembro. Organizado por *Campus Crea* da Universidade de Vigo, o foro impulsado polo Concello de Pontevedra e con apoio da Deputación provincial chega este ano á súa novena edición na Praza de España da urbe, onde se instalará a carpa para albergar os postos de decenas de proxectos emprendedores.

R, patrocinador do evento, intégrase en paralelo este ano cun plan didáctico para vivir en familia, co que todos/as se poidan achegar un pouco máis ás novas tecnoloxías: os obradoiros tecnolóxicos crea **R** pensados para os/as pequenos/as.

Pedro Figueroa, director de *Pont-Up Store*, considera que “o apoio de **R** por sexto ano consecutivo ao *Pont-Up Store* non fai máis que fortalecer o compromiso da empresa co novo emprendemento galego e co talento dos emprendedores e as emprendedoras. A colaboración con **R** facilita enormemente o desenvolvemento de competencias tecnolóxicas nestas persoas, patrocinando actividades formativas tanto para nenos/as como para adultos/as en campos como a robótica ou a mercadotecnia dixital, entre outros (...) Agardamos seguir avanzando da súa man por moitas máis edicións”

A idea central é incidir na aprendizaxe e o emprendemento fomentando, de forma lúdica, as habilidades emocionais e sociais en nenos e nenas de 7 a 12 anos. Este sábado 24, entre as 11:00 e as 13:00 h, os/as pequechos poderán achegarse a conceptos básicos de conductividade e electrónica; e aprenderán a deseñar tamén as bases dun sistema automatizado de rega.

Tres obradoiros temáticos: cortocircuitos, pilas+leds e rega intelixente

En Pont-Up-Store haberá tres tipos de obradoiros para os/as máis novos/as:

Sala de operacións. Obradoiro para nenas e nenos de 7 e 8 anos.

Dun xeito educativo e divertido, mediante a creación dun 'xogo de operacións' que deseñarán e programarán ao seu gusto, os/as pequenos/as aprenderán conceptos básicos de condutividade e sinais dixitais, así como o funcionamento dun cortocircuíto. E todo a través da chamada placa *microbit* e de diferentes elementos electrónicos.

Un conto con tinta condutiva. Obradoiro para nenas e nenos de 9 e 10 anos.

Creando tinta condutiva aprenderán a integrar conceptos de electrónica con pilas e elementos condutores. Cando saiban como funcionan, artellarán un conto para, finalmente, engadirlle luces *led* á súa historia.

Sistema de rega intelixente. Obradoiro para nenas e nenos de 10 a 12 anos.

Aprenderán a deseñar un sistema automatizado que detecta o nivel de humidade e a temperatura das plantas para **saber cando deben regarse**, baseándose en sensores de humidade, un sensor térmico integrado e unha placa controladora. Ademais, crearán, dunha forma visual e amigable, un sistema que sirva para entender os datos obtidos.

Con esta acción, **R** mantén a súa aposta permanente pola formación tecnolóxica dos/das máis pequenos/as; de feito, son xa ao redor de 3.300 mozos e mozas os/as que gozaron dos obradoiros dende o inicio da súa traxectoria.

Para apuntarse e coñecer máis detalles dos obradoiros crea **R** no foro de novo emprendemento *Pont-Up Store*, esta ligazón contén toda a información: <https://blog.mundo-r.com/gl/quecheparece/talleres-crea-r>

Case medio centenar de empresas e unha trintena de actividades

Nesta novena edición de *Pont-Up Store* participan unhas 50 empresas, a maioría delas con posto propio na praza de España de Pontevedra. O evento pontevedrés ofrecerá máis de **30 actividades** relacionadas co **ecosistema emprendedor**, e máis da metade serán sesións destinadas a adquirir ou mellorar competencias básicas ou específicas.

No 'talent show' *Pont-Up Exprés*, sete iniciativas empresariais presentarán as súas ideas de negocio ante un xurado formado por catro representantes de importantes entidades e compañías galegas. Outras actividades destacadas do foro serán un '**escape room**' **cultural ao aire libre**, as enfocadas á posible **internacionalización de novos emprendementos galegos** ou **formacións diversas** sobre a viabilidade económica, o márketing, as axudas e subvencións ou as fórmulas de cooperativismo. E, como dato destacable, a porcentaxe de mulleres que lideran os proxectos presentados ao foro este ano: un 80 %.

R, de novo, co emprendemento, a innovación e a creatividade

Innovar, crear e abordar novos proxectos emprendedores son apostas clave de **R** dende o inicio da súa andaina hai xa máis de dúas décadas. Por iso regresamos a esta cita onde conflúe o talento local abríndose á cidadanía para promover a cultura do emprendemento a todos os niveis. Trátase de comprometerse e impulsar a creatividade a prol do desenvolvemento persoal, social e económico de Galicia. E en **R**, sumámonos.

comunicación **R**
prensa@mundo-r.net
R.gal